

## ***Libérate da arañeira***

Celeste era unha araña que dende moi pequena tivo que aprender a vivir soa. A súa familia quedou esmagada baixo un tractor cando ela era moi pequena e estaba xogando na bota daquel madeireiro. Tivo que aprender a sobrevivir e construír a súa propia casa. Alá onde puido. Nun eucalipto que poucos máis anos tiñan ca ela, pero aínda que franco, era altísimo. Durante anos estivo atada a aquela árbore, tece que tece, con medo a saír de alí. A pesar de que os 365 días do ano eran iguais baixo a aquel manto de follas e con aquel olor tan característico, que chegou a detestar. No fondo había algo que lle dicía que tiña que haber outro mundo, fóra daquel. Pero o medo ao descoñecido, á soidade, á dependencia a aquel eucalipto..., non lle permitían experimentar novos mundos e prefería seguir vivindo entre aquelas pólas.

María tamén se sentía presa na súa propia vida. A vida que construíu arredor do seu home Jorge: 20 anos xuntos, 10 de casados, tres fillos en común, unha casa, dous coches, dous cans, un negocio familiar que xa era da avoa de Jorge, ... A isto había que sumarlle os berros de case todos os días dende facía cinco anos; a faltas de respecto, os insultos,... dun Jorge que cambiara dende que o negocio empezaba a dar máis perdas que ganancias; dende que a casa tiña humidades; dende que a nena pequena lle diagnosticaron hiperactividade; calquera escusa era boa para botarlle a culpa a María. E ela estaba tan enredada nesa arañeira que era incapaz de desfacerse dela. Xuntos teceran esa vida e como ía rachar con todo, absolutamente todo! A súa autoestima xa non era que quedase pouco dela e que xa facía tempo que non existía. Xa nin se recoñecía no espello. A súa vida basicamente era a de facer o mínimo para que Jorge non se enfadase por

absolutamente todo. Simplemente, deixaba que a vida pasase e a arañeira se enredase cada vez máis, sen poder liberarse.

Un día, Celeste, aquela araña do eucalipto, sentiu un fortísimo ruído e veulle a cabeza o día máis triste da súa vida: cando perdeu a súa familia. Aquel día na que arrasaron coa aquela fermosa carballeira, da que ela apenas se lembraba. Aqueles monstros volvían estar alí. E de boas a primeiras, sentiu como todo se cambaleaba e xunto a aquel eucalipto caeu ao chan. Xa vos imaxinades que pasou coa súa casa, coa arañeira. Ela correu todo o que puido ata que chegou ao paraíso: viu unha enorme explanada de follas que daba gusto pisar; dunhas cores marróns e amarelas; viu setas de todas as formas que a saudaron ao seu paso; coñeceu animais de distintas especies, pero tamén unha familia de arañas que a convidaron a vivir con ela nunha árbore centenaria: un carballo que era fermosísimo! Aí construíu o seu novo fogar e puido, por primeira vez, sentir a maxia das estacións e o fermoso que podía ser a vida se se vivía rodeada de cariño.

María, aquela muller que vivía como unha alma en pena, un día sacou todas as forzas e decidiu rachar coa súa arañeira. Deu un golpe na mesa e dixo: Ata aquí! “Volverei a tecer para volver a sentirme”, porque facía moito tempo que a súa voz interior lle ordenaba que se fose, pero ela xa nin se escoitaba. E por fin... o logrou!

Lembra: só existe unha vida e só che pertence a ti. Se non es feliz, que non che dea medo a romper con todo e a comezar: porque o comezo e os cambios son duros, pero co tempo volverá a saír o sol e aprenderás a desfrutar, incluso dos invernos. A arañeira é unha rede de fíos que forman as arañas cunha substancia que se

segregan e que lles serve para cazar as presas das que se alimentan. Libérate da túa arañeira, só tece e tece para acabar co teu sufrimento, e non sexas a presa de ninguén.